



Uns anciáns xogan ao dominó nun local social

MARINA RIVELA / EFE

A SOCIEDADE GALEGA DE XERIATRÍA DESCUBRE, DURANTE SEU 22 CONGRESO, A MELLOR FORMA DE SUPERAR O PASO DOS ANOS CON SAÚDE

# O envellecemento saudable convértese no gran reto da Galicia do novo século

Os expertos denuncian que as demencias son o problema máis grave e que afectan a 200.000 persoas, doentes e coidadores

## CRÓNICA

VÍCTOR SARRIEGO  
GALICIA

actualidade@xornaldeg Galicia.com

O 50% das persoas que sofren demencias en Galicia están sen diagnosticar. Unha cifra que chega ao 70% no caso dos primeiros estados da enfermidade. Ademais, este tipo de patoloxías teñen tamén un gran impacto social, pois afectan a un mínimo de dúas ou tres persoas por cada doente, coidadores ou familiares, co cal, a incidencia das demencias na comunidade chega ás 200.000 persoas.

Estas patoloxías desenvólvense cada vez máis cedo, aínda que pode afectar a entre o 6 e 8% da poboación maior de 65 anos, polo que, do mesmo xeito que en todos os ámbitos da terceira idade, "hai que prepararse desde novo para a vellez" e procurar un "envellecemento saudable". Esta é unha das principais conclusións do 22 Congreso da Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía (SGXX), que se celebrou durante esta fin de semana en Sanxenxo. Alí falouse de bo envellecemento, da asistencia social, clínica e sanitaria que merecen e precisan os maiores;

## DISTINTAS ACTIVIDADES PARA DESPERTAR A IMAXINACIÓN

Unha das actividades do Congreso foi a inauguración en Sanxenxo da exposición *Imaxes con Imaxinación*, unha serie de fotografías realizadas polo Colectivo Mae-dous psicólogos e unha xerontóloga de Caixa Galicia e a SGXX- sobre o paso do tempo no corpo, o que fan as persoas maiores habitualmente e as axudas precisas das que dispoñen. Coa exposición organizouse un taller gerontolóxico impartido polos seus psicólogos Encarna Álvarez e Enrique Galindo onde, a partir da observación, no que os participantes reflexionaban



Una parella bailando

dos seus problemas concretos físicos, psíquicos e sociais; da urxente necesidade de instaurar a medicina preventiva; de exemplos concretos de programas sociais innovadores en Galicia; de logros e a positividade como elemento básico nos anciáns; pero tamén da realidade de enfermidades co-

mo a osteoporose ou as demencias, especialmente o Alzheimer.

sobre as fotografías para aprender a afrontar a vellez con plenitude, traballar a prevención do deterioro da autoimaxe e a promoción de relacións afectivas saudables nos maiores, tamén cun breve cuestionario para converter a foto nun "instrumento diferente, que sirva para algo unha vez realizado" e que "motive os participantes a responder emotivamente e desenvolver o ámbito cognitivo" sinala Galindo. Tamén houbo outras actividades como baile para maiores, como os que aparecen na fotografía.

## GALARDÓN

A SGXX entregou nesta ocasión o seu II premio Entidade Xerontolóxica do Ano á Fagal (Federación de Asociacións de Familiares de Doentes de Alzheimer e outras

demencias), tal e como anunciou o seu presidente, Andrés Vázquez, polo seu "labor na loita contra os efectos desta enfermidade e por conseguir unha importantísima presenza social en Galicia".

Juan Carlos Rodríguez recolleu o galardón e denunciou que "non existe ningún tipo de estudo en Galicia que axude a paliar a incidencia do Alzheimer", un feito agravado polo de que na autonomía "máis de 350.000 persoas viven soas ou acompañadas doutras persoas de máis de 70 anos". Ademais, "130.000 delas habitan en núcleos rurais de menos de 500 veciños, o que complica e enmascara unha realidade dramática".

Nese sentido, Rodríguez reclama da Administración "información axeitada nos ámbitos sanitarios e sociais" para un diagnóstico "rápido e precoz e para poder actuar no doente e o seu medio". Tamén "programas dirixidos a evitar a deterioración cognitiva, un mapa de demencias, unha rede de atención especializada, coordinación sociosanitaria" e "potenciar a Lei de Dependencia", tendo en conta que a